Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	18/53





“reconstrución e consolidación de elementos de urbanización exterior de edificacións do concello de Foz, Avenida Álvaro Cunqueiro, 24 Foz”.

2. Aprobar a segunda modificación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de equipamentos de titularidade municipal” no concello de Foz, ano 2025 nos termos da segunda addenda incorporada ao expediente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a aplicación dos remanentes (por importe de 111.849,30 €) derivados da licitación da actuación “Traballos de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Malates” enmarcada dentro do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de equipamentos de titularidade municipal” no concello de Foz, ano 2025 para financiar a “reconstrución e consolidación de elementos de urbanización exterior de edificacións do concello de Foz, Avenida Álvaro Cunqueiro, 24 Foz”.

2º.- Aprobar a segunda modificación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Foz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de equipamentos de titularidade municipal” no concello de Foz, ano 2025 nos termos da segunda addenda con CSV IV76Q2CSNMZ4R7PKVVAFO77GAM”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribeira de Piquin para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “adeacuación de edificios municipais para prestación de servizos básicos” no concello de Ribeira de Piquin, ano 2025

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe favorable

Modificación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribeira de Piquin para cooperar no financiamento

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	19/53



dos gastos derivados da execución da actuación "adequación de edificios municipais para prestación de servizos básicos" no concello de Ribeira de Piquín, ano 2025

En relación ao asunto de referencia (exp. 2026/pes_03/012636) dende a sección de fomento do servizo de contratación e fomento emítase o seguinte informe

Antecedentes de Feito

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 31 de outubro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

"Primeiro. Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribeira de Piquín para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "adequación de edificios municipais para prestación de servizos básicos" no concello de Ribeira de Piquín, ano 2025 por importe total de 266.812,03 € cuxo contido é o seguinte: (...).

Segundo. A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio."

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribeira de Piquín para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "adequación de edificios municipais para prestación de servizos básicos" no concello de Ribeira de Piquín formalizouse o 14 de novembro de 2025.


Terceiro: O alcalde do concello de Ribeira de Piquín remitiu, o 16 de xuño de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

"Visto o convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Ribeira de Piquín, para a cooperación no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Adequación de edificios municipais para prestación de servizos básicos" no Concello de A Ribeira de Piquín, asinado o 14 de novembro de 2025.

Visto que o prazo de execución remata o día 30 de setembro de 2026 e tendo en conta que o procedemento de contratación para a adxudicación da obra "Rehabilitación da Casa Consistorial e honorarios facultativos" quedou deserto, tendo que volver a repetir o expediente de contratación.

Visto que o prazo para a xustificación da actuación "Adequación de edificios municipais para prestación de servizos básicos" remata en data 31 de outubro de 2026.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	20/53





Por todo o exposto, solicito unha prórroga do prazo de execución e xustificación ata o 10 de decembro de 2026.”

Consideracións Xurídico-Administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

- Na cláusula Primeira.- Obxecto

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

<i>Actuación: “adecuación de edificios municipais para prestación de servizos básicos ”</i>	<i>Custe total</i>
<i>Actuacións de rehabilitación da Casa Consistorial e honorarios facultativos (honorarios de redacción de proxecto/s técnico/s ou, no seu caso, memoria/s técnica/s necesaria/s para a execución da actuación, segundo proceda legalmente e honorarios de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde que o requiran legalmente)</i>	<i>179.167,05</i>
<i>Intervención en edificación dotacional Escola Vella</i>	<i>87.644,98 €</i>
<i>Custe Total</i>	<i>266.812,03 €</i>

(...)”.

- Na cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

(...)”

4.2. O Concello de Ribeira de Piquín:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ribeira de Piquín, comprométese ao seguinte:

- 1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.*
- 2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.*
- 3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación “Intervención en edificación dotacional Escola Vella”, segundo proceda legalmente.*

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	21/53



4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde da actuación "Intervención en edificación dotacional Escola Vella" que se requiran legalmente.
5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
13. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministrados e servizos e 5 anos en obras)".

- Na cláusula Quinta.- Réxime económico.

"(...)

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribeira de Piquín se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.

"(...)"

- Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	22/53





“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

- Na cláusula Oitava.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recollese o seguinte:

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

Terceira: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusionés

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo*
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)*

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	23/53



- o novo prazo non excede da metade do prazo previsto

- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros

- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada dende o concello de Ribeira de Piquín nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto da addenda de modificación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribeira de Piquín para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “adecuación de edificios municipais para prestación de servizos básicos” no concello de Ribeira de Piquín, ano 2025 con CSV IV76Q2C3GFOL7665QNPCAPTUGM”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación do Convenio Interadministrativo entre a Deputación Provincial De Lugo e o concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: informe favorable


Convenio Interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2026.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/012974) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito

Dende o concello de Pedrafita do Cebreiro se solicita a formalización dun convenio para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das seguintes actuacións:

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	24/53





Actuacións	Custe Total
1. Substitución de cuberta para mellora das condicións de eficiencia enerxética do edificio do Centro de Saúde de Pedrafita	95.695,75 €
2. Execución da obra de construción por administración da base para colocación de letras identificativas do concello de Pedrafita do Cebreiro a ubicar no acceso ó núcleo.	5.282,55 €
3. Acondicionamento acústico de nave de usos múltiples do concello de Pedrafita do Cebreiro	17.932,20 €
4. Subministro de letras identificativas do concello de Pedrafita do Cebreiro para ubicar nas rotondas de acceso ó núcleo	18.089,50 €

por importe total de 137.000,00€ (que serán financiados pola Deputación de Lugo)

Consideracións Xurídico Administrativas

- Lexislación de Réxime Local

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...)"

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda: A lexislación de réxime local é consecvente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	25/53



A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira: No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.


Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

- Normativa Común sobre o Réxime Xurídico do Sector Público

Primeira: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	26/53





Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	27/53



- Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

- A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

- O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

- Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

- Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

- Réxime de modificación do convenio.

- Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Quinta.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:


"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	28/53





Sexta: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Conclusiones

En base ao anteriormente exposto:

Primeira. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Segunda. O Municipio de Pedrafita do Cebreiro, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026.

Cuarta: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 137.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Sexta: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o texto do Convenio Interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Pedrafita do Cebreiro. ano 2026 por importe total de 137.000,00 € (que serán asumidos pola Deputación) con CSV IV76Q2DJPMGI7HWIC4HWIQ7AFY

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	29/53



2º.- A aprobación do gasto, por importe de 137.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4º.- Proposta de aprobación de addenda de modificación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Taboada co obxecto de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora das infraestructuras deportivas e realización de actividades deportivas ” no concello de Taboada, ano 2025. (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 05 de decembro de 2025)

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se indica:

Asunto: Modificación mediante addenda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada para a execución das actuacións consistentes na “mellora das infraestructuras deportivas e realización de actividades deportivas ” no Concello de Taboada, ano 2025.


En relación ao asunto de referencia emítase o seguinte informe:

Primeiro.- O 10 de decembro de 2025 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada para a execución das actuacións consistentes na “mellora das infraestructuras deportivas e realización de actividades deportivas” no Concello de Taboada, ano 2025, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 5 de decembro de 2025.

Na súa virtude, o Concello de Taboada comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2026. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación Provincial de Lugo a respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio, no prazo inicialmente previsto que abarca ata o 31 de outubro de 2026 para a xustificación dos gastos executados.

Segundo.- O representante legal do Concello de Taboada remitiu escrito, o 03/06/2026 12:42:47 (2026/PES_03/011771) e número de rexistro 2026RT012595, solicitando a modificación do convenio asinado no que atinxe á data límite de execución dos investimentos (30 de setembro de 2026) e do que se deduce, no relativo á data de xustificación dos gastos executados (31 outubro 2026).

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	30/53





No seu escrito, o Concello de Taboada expón como causas da referida solicitude de incremento de prazos e modificación do convenio:

"Que por dificultades e retrasos administrativos na fase de execución, se nos conceda a ampliación do prazo de execución das actuacións previstas no convenio, e así mesmo que se poidan admitir contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio unha vez estean executadas e pagadas."

O Concello de Taboada xustifica, por tanto, a súa solicitude de modificación do convenio de referencia e consecuente modificación dos prazos de execución e xustificación relativos á actuación "mellora das infraestructuras deportivas e realización de actividades deportivas" no Concello de Taboada, ano 2025 na dificultade de cumprir cos prazos administrativos derivados do expediente, no tempo inicialmente establecido para levar a cabo a actuación.

Terceiro.- En todo caso, acreditada a concorrencia de interese común e visto que non se alterarían as condicións esenciais do documento inicial, a xuízo do servizo de Deportes, e á vista das circunstancias expostas polo Concello de Taboada, a petición de modificación de prazos formulada ha de encaixarse atendendo as necesidades expostas polo Concello de Taboada, e así mesmo, ao equilibrio nas previsións de trámites ordinarios derivados da revisión e posible emenda de documentación prevista no convenio, dos trámites do propio servizo de Deportes e dos demais servizos da Deputación afectados, polo que se considera procedente asumir a petición expresa do concello de Taboada no relativo ao novo prazo de execución (15 de novembro de 2026) de acordo ás causas reflectidas na solicitude, e así mesmo modular, -polas razóns expostas-, a petición formulada pola administración local no relativo ao novo prazo de xustificación, situando como nova data límite o 20 de novembro de 2026 para a xustificación dos gastos executados obxecto do convenio.

Cuarto.- No que á modificación do convenio respecta, a administración local realiza a petición ao abeiro da cláusula oitava do convenio de referencia que reflecte expresamente:

Oitava.- Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Ha de terse en conta que a modificación dos prazos obxecto de solicitude non altera as condicións esenciais do convenio aprobado, dado que só se refire á ampliación dos

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	31/53



prazos de execución e xustificación indicados anteriormente e previstos no documento convenio inicial.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada para a execución das actuacións consistentes na “mellora das infraestructuras deportivas e realización de actividades deportivas” no Concello de Taboada, ano 2025, formalizado o 10 de decembro de 2025, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada para a execución dos fins comúns consistentes na “mellora das infraestructuras deportivas e realización de actividades deportivas” no Concello de Taboada, ano 2025, formalizado o 10 de decembro de 2025, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente:

ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA CO OBXECTO DE COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS ” NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025.

(APROBADA POR ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE DATA DE DE 2026)


En Lugo, a de de

REUNIDOS

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, en virtude da resolución presidencial de data 16 de xaneiro de 2026.

E doutra, don José Portela Gómez Macias, Teniente de Alcalde do Concello de Taboada, con N.I.F P2706000C e sede social na praza Xeneral Muinelo s/n CP 27550 ,

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	32/53





Taboada, actuando en nome e representación da citada entidade (Decreto de data 28/06/2023), con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

EXPOÑEN

Primeiro.- O 10 de decembro de 2025 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada para a execución das actuacións consistentes na “mellora das infraestructuras deportivas e realización de actividades deportivas” no Concello de Taboada, ano 2025, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 5 de decembro de 2025.

Segundo.- O representante legal do Concello de Taboada remitiu escrito, o 03/06/2026 12:42:47 (2026/PES_03/011771) e número de rexistro 2026RT012595, no que literalmente se recolle o seguinte:

“Que por dificultades e retrasos administrativos na fase de execución, se nos conceda a ampliación do prazo de execución das actuacións previstas no convenio, e así mesmo que se poidan admitir contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio unha vez estean executadas e pagadas.”

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- A *Cláusula cuarta.- Obrigas e compromisos das partes* do amentado convenio queda redactada do seguinte xeito:

4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	33/53



4.2. O Concello de Taboada:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Taboada, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución das actuacións da Liña 1 abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 15 de novembro de 2026.
4. O prazo de execución das actuacións da Liña 2 abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.
5. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
6. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
8. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
12. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras).

Segunda.- A *Cláusula QUINTA.- Réxime económico.* queda redactada do seguinte xeito:


A) ACHEGAS:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 336.023,83€, dos que 318.553,83€ serán con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 e 17.470€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	34/53





O Concello de Taboada efectuará unha achega de 10.400,27€ para cubrir gastos da Liña 1 e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:

O resultado da cooperación será do Concello de Taboada

C) XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.

A data límite para que dende o concello de Taboada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro da Liña 1 deste convenio abarca ata o 20 de novembro de 2026.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Taboada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro da Liña 2 abarca ata o 31 de marzo de 2026.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas. No suposto de optar por contas xustificativas por cada unha das actuacións as achegas das partes regularanse coa derradeira conta xustificativa.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

- Memoria de actuacións realizadas.

- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizadas na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	35/53



administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio).

- Resolución ou acordo de adxudicación das obras .

- Escritura pública, nos supostos de adquisición de inmobles.


- Certificación expedida polo Secretario/a Interventor/a do Concello da titularidade e dispoñibilidade de terreos necesarios para a execución das obras obxecto deste convenio.

- Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaronna comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

- Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos) (o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	36/53





- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Terceira.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 5 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDIMENTO DE DA PERDA DE DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL, AGRARIA E AMBIENTAL MUIÑO DE BARXA, PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ACTUACIÓN “OBRADOIROS ARREDOR DAS PLANTAS AROMÁTICAS E HERBAS MEDICINAIS AUTÓCTONAS DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO” NA ANUALIDADE 2025.


Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Medio Ambiente no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Inicio da perda de dereito ao cobro da subvención en concorrencia competitiva destinada a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, concedida á asociación cultural, agraria e ambiental muiño de barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño”

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2025/CCP_01/001120) dende o Servizo de Medio Ambiente emítese o seguinte informe:

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	37/53



Antecedentes de feito

1. Na Xunta de Goberno celebrada o día 25 de abril de 2025, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2. O extracto do acordo polo que se aproba a referida convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 099 do venres 2 de maio de 2025.

3. O día 1 de agosto de 2025, a Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial resolveu definitivamente outorgar á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa, unha subvención en réxime de concorrencia competitiva por importe de 3.990,00 euros, co obxecto de colaborar coa finalidade “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño da actividade, custos xestión e organización dos obradoiros; subministros non inventariables; seguimento e asistencia nas prácticas)” no ano 2025.


4. A actividade subvencionada atópase incluída dentro dos obxectivos da liña 10.2 Reserva da Biosfera Terras do Miño, do Plan estratéxico de subvencións para as anualidades 2023-2025, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xaneiro de 2023 e a actualización correspondente á anualidade 2025 por acordo da Xunta de Goberno de data 24 de xaneiro de 2025, e que esta subvención se tramita de acordo co establecido nas bases reitoras da referida convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de abril de 2025.

5. Na base 11 “Xustificación e aboamento das subvencións” das bases da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 25 de abril de 2025 establécese que:

“Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido na base 12, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada.

En aplicación do artigo 31 “Modalidades de xustificación”, da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Lugo (BOP núm. 009 do 11-01-2024), e tendo en conta os importes máximos de subvención a conceder previstos nas bases, a xustificación

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	38/53





efectuarse na forma de conta xustificativa simplificada, que deberá conter, como mínimo, a seguinte documentación xustificativa que deberá ser remitida electrónicamente a través da sede da Deputación ou a través dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da LPACAP.

Deberá achegarse unha conta xustificativa por cada actuación subvencionable.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da entidade beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (os anexos están dispoñibles na páxina web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente):

- *Anexo IV: Memoria Conta Xustificativa (.....)*

Debe incluírse xunto con este Anexo, unha memoria explicativa das actuacións realizadas, asinada polo representante legal da entidade, que evidencie o cumprimento do proxecto achegado pola entidade beneficiaria na súa solicitude e que foi obxecto de valoración na convocatoria, incluíndo reportaxe fotográfico e soportes que se utilizaron na publicidade da actividade subvencionada.

- *Anexo V: Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada e da imputación de gastos, (.....)*
- *Anexo VI: Declaración Conxunta (.....)*
- *Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. (.....)*
- *Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, (.....)*
- *Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social , expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (no suposto de que a subvención sexa superior a 3.000,00 € e non ter autorizado á Deputación para solicitalos).*
- *Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención. (.....)
O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións.”*

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	39/53



6. A base 12 “Prazos de Xustificación” das referidas bases establece que:

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015 (LPACAP), establécese a obriga de que a entidade beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen a portarse a mesma, requirirase á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a entidade beneficiaria sexa declarada decaída no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da LPACAP), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”


7. Por todo o exposto, dado que con data 31 de marzo de 2026 a Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa non presentara a conta xustificativa, o día 16 de abril de 2025 (con nº de rexistro de saída 2026RPS005903), notificóuselle ao beneficiario de xeito electrónico o requirimento:

“En cumprimento do antedito e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na base 12 “prazos de xustificación” da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 25 de abril de 2025, requíreselle para no prazo de 15 días hábiles, dende o día seguinte a recepción deste requirimento, proceda a presentar a conta xustificativa que deberá incluír a documentación sinalada na base 11 das bases da convocatoria da subvención.

De non producirse a presentación da documentación requirida no prazo mencionado, declararáselle decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e iniciarase o procedemento de perda de dereito á concesión da subvención; sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

8. O día 27 de abril de 2026 xerouse o acuse automático de rexeitamento da documentación, ao non acceder o interesado ao contido da notificación no prazo

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	40/53





establecido, e polo tanto rematando o prazo de presentación da documentación xustificativa o día 19 de maio de 2026.

9. Non consta que a entidade beneficiara emendase a documentación xustificativa requirida.

Aos antecedentes expostos son de aplicacións as seguintes

Consideracións Xurídicas-Administrativas

1. No artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recóllese expresamente que:

“1. Os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente fíxese prazo distinto.

(...)

3. Aos interesados que non cumbran o disposto nos apartados anteriores, poderáselles declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Con todo, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, se se producise antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcurrido o prazo”.

2. Segundo o establecido no apartado 3 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS):

“O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos en la normativa reguladora de la subvención.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 desta lei.”

No mesmo senso, o artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón literalmente que:

“1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	41/53



2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 [procedemento de reintegro] da Lei Xeral de Subvencións”.

3. No artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, recóllese como causa de reintegro o “c) Incumprimento da obriga de xustificación ou da xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta Lei, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención”.

4. O órgano competente para iniciar o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención é a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo xa que foi o órgano concedente da subvención (artigo 41 da LXS).


Conclusiones

Por todo o exposto infórmase favorablemente que o Deputado delegado da Área de Medio Ambiente propoña á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo a adopción do seguinte acordo:

1. Declarar decaído ao representante da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa, no seu dereito ao trámite de emenda da documentación xustificativa dos gastos enmarcados dentro das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, reguladoras da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para sufragar gastos derivados da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño da actividade, custos xestión e organización dos obradoiros; subministros non inventariables; seguimento e asistencia nas prácticas)” no ano 2025, de acordo co establecido no artigo 73.3 da LPACAP.

2. Acordar o inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño da actividade, custos xestión e organización dos obradoiros; subministros non inventariables; seguimento e asistencia nas prácticas)” no ano 2025, por xustificación insuficiente en base ao establecido no artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	42/53





3. Comunicar ao representante da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa que dispón de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución do inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño da actividade, custos xestión e organización dos obradoiros; subministros non inventariables; seguimento e asistencia nas prácticas)” no ano 2025, para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS).”

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar decaído ao representante da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa, no seu dereito ao trámite de emenda da documentación xustificativa dos gastos enmarcados dentro das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, reguladoras da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para sufragar gastos derivados da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño da actividade, custos xestión e organización dos obradoiros; subministros non inventariables; seguimento e asistencia nas prácticas)” no ano 2025, de acordo co establecido no artigo 73.3 da LPACAP

2º.- Acordar o inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño da actividade, custos xestión e organización dos obradoiros; subministros non inventariables; seguimento e asistencia nas prácticas)” no ano 2025, por xustificación insuficiente en base ao establecido no artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3º.- Comunicar ao representante da Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa que dispón de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución do inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Cultural, Agraria e Ambiental Muíño de Barxa para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	43/53



da actuación “Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño da actividade, custos xestión e organización dos obradoiros; subministros non inventariables; seguimento e asistencia nas prácticas)” no ano 2025, para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Proposta de aprobación, se procede, da validación do gasto, do Servizo de Vixilancia e Portería, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido polo importe total de 13.844,41 € (Recaudación 4.627,10 €, Asesoría Xurídica 1.476,70 €, Vías e Obras 1.673,73 € e CENTRAD 6.066,88 €).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Vixilancia e Portería, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:


N.º EXPEDIENTE	EMPRESA	N.º FACTURA	NATUREZA XURÍDICA	OBXECTO DO GASTO	DATA	TOTAL	APLICACIÓN /ADO
2026/FAC_01/001769	ITMA SLU B33349978	V02 2601019	SERVIZO ADMINISTRATIVO	LIMPEZA PABILLÓN 3 (VÍAS E OBRAS) 11/04/26-30/04/26	30/04/26	1.673,73 €	4500.22700 92026/6323
2026/FAC_01/001770	ITMA SLU B33349978	V02 2601017	SERVIZO ADMINISTRATIVO	LIMPEZA PABILLÓN 1 (RECADACIÓN) 11/04/26-30/04/2026	30/04/26	4.627,10 €	9320.22700 92026/6324
2026/FAC_01/001771	ITMA SLU B33349978	V02 2601018	SERVIZO ADMINISTRATIVO	LIMPEZA PABILLÓN 2 (ASESORÍA XURÍDICA) 11/04/26-30/04/2026	30/04/26	1.476,70 €	9200.22700 92026/6325
2026/FAC_01/001772	ITMA SLU B33349978	V02 2601020	SERVIZO ADMINISTRATIVO	LIMPEZA PABILLÓN (CENTRAD) 11/04/26-30/04/2026	30/04/26	6.066,88 €	2413.22700 92026/6326
IMPORTE TOTAL						13.844,41 €	

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Vixilancia e Portería manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento

Visto/s informe/s de Intervención

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	44/53





Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data 18-06-2026 na que se aproba que se continúe co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 13.844,41 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propondo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 13.844,41 €:

N.º EXPEDIENTE	EMPRESA	N.º FACTURA	NATUREZA XURÍDICA	OBXECTO DO GASTO	DATA	TOTAL	APLICACIÓN /ADO
2026/FAC_01/001769	ITMA SLU B33349978	V02 2601019	SERVIZO ADMINISTRATIVO	LIMPEZA PABILLÓN 3 (VÍAS E OBRAS) 11/04/26-30/04/26	30/04/26	1.673,73 €	4500.22700 92026/6323
2026/FAC_01/001770	ITMA SLU B33349978	V02 2601017	SERVIZO ADMINISTRATIVO	LIMPEZA PABILLÓN 1 (RECADACIÓN) 11/04/26-30/04/2026	30/04/26	4.627,10 €	9320.22700 92026/6324
2026/FAC_01/001771	ITMA SLU B33349978	V02 2601018	SERVIZO ADMINISTRATIVO	LIMPEZA PABILLÓN 2 (ASESORÍA XURÍDICA) 11/04/26-30/04/2026	30/04/26	1.476,70 €	9200.22700 92026/6325
2026/FAC_01/001772	ITMA SLU B33349978	V02 2601020	SERVIZO ADMINISTRATIVO	LIMPEZA PABILLÓN (CENTRAD) 11/04/26-30/04/2026	30/04/26	6.066,88 €	2413.22700 92026/6326
IMPORTE TOTAL							13.844,41 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA MÓVETE XUVENIL 2026.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“En relación coa aprobación da primeira edición do Programa Móvete Xuvenil 2026, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitíuse informe do seguinte teor:

“A Convención sobre os Dereitos do Neno foi adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e entrou en vigor en España o 5 de xaneiro de 1991. No seu primeiro artigo establécese que: «Para os efectos da presente Convención, enténdese por neno todo ser humano menor de dezoito anos de idade, salvo que, en virtude da lei que se lle aplique, alcanzase antes a maioría de idade».

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	45/53



O Programa de Acción Mundial para a Xuventude para o ano 2000 e seguintes é unha iniciativa da Organización das Nacións Unidas que proporciona un marco de políticas públicas e directrices prácticas para a acción nacional e o apoio internacional orientados a mellorar a situación da mocidade. Este programa contén propostas de actuación destinadas a fomentar as condicións e os mecanismos necesarios para incrementar o benestar da xente nova e os seus medios de vida. Así mesmo, propón medidas para fortalecer as capacidades nacionais en materia de xuventude e aumentar a cantidade e a calidade das oportunidades de participación plena, efectiva e construtiva da mocidade na sociedade.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, aprobada tamén pola Asemblea de Nacións Unidas, establece 17 obxectivos de desenvolvemento sostible e 169 metas, todas elas de carácter integrador e indivisible, que conxugan as dimensións económica, social e ambiental do desenvolvemento sostible.

Entre os obxectivos de carácter transversal que gardan unha especial relación coa poboación nova destacan os seguintes:


- Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, promovendo oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas.*
- Promover un crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, así como o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para toda a cidadanía.*
- Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e contribuír a paliar os seus efectos.*

Tendo en conta que o envellecemento demográfico afecta, en maior ou menor medida, a todas as sociedades dos países membros da Unión Europea, constitúe un obxectivo prioritario impulsar políticas que contribúan a frear esta tendencia e, ao mesmo tempo, permitan xestionar os seus efectos. Entre as iniciativas desenvolvidas neste ámbito destaca a Estratexia da Xuventude 2019-2027, que constitúe o marco de referencia das políticas xuvenís europeas. Estas políticas céntranse en tres ámbitos esenciais: involucrar, conectar e capacitar á xente nova.

Por outra banda, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, a provincia de Lugo conta con unha poboación total de 325.759 habitantes, dos que menos do 16 % son menores de 30 anos. Estes datos reflicten un acusado proceso de envellecemento demográfico, con importantes repercusións económicas e sociais, o que fai necesario promover políticas que contribúan a contrarrestar os seus efectos. Ademais, a superficie da provincia (9.856 km²), a súa orografía complexa, a baixa densidade de poboación, a baixa porcentaxe de poboación moza e a forte dispersión territorial, con numerosos pequenos núcleos de poboación afastados entre si, incrementan as dificultades ás que debe facer fronte a xente nova.

Consciente desta realidade, a Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade da Deputación de Lugo ten entre os seus principais obxectivos atender as necesidades da mocidade da

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	46/53





provincia, poñendo de relevo a importancia do desenvolvemento integral da poboación comprendida entre os 9 e os 29 anos de idade, por constituír un colectivo fundamental para o progreso social, económico e cultural do territorio provincial.

Tendo en conta o anteriormente exposto, desde esta Área preténdese poñer en marcha un novo programa denominado *Móvetexuvenil 2026*, que integrará actividades e actuacións orientadas ao desenvolvemento persoal da infancia e da mocidade, entendidas como elementos clave para o futuro da sociedade e para a mellora da súa calidade de vida.

Por este motivo, mediante unha programación propia de carácter pechado, a Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade articulará unha oferta destinada a atender necesidades concretas de formación e lecer, abranguendo ámbitos tan diversos como os deportes, as novas tecnoloxías, a educación viaria, o coñecemento da contorna natural, a educación medioambiental, os hábitos saudables, as ludotecas rurais, a música e os espectáculos artísticos.

Co fin de dar resposta á diversidade de intereses e necesidades existentes, o programa incluírá actividades como rutas pola natureza, obradoiros sobre o uso das redes sociais e das novas tecnoloxías, aulas de xogos, clubs de lectura, charlas sobre hábitos de vida saudables, teatro infantil, obradoiros sobre o patrimonio natural e etnográfico, xornadas de xogos tradicionais, concertos e actuacións musicais, espectáculos de maxia e obradoiros de monicreques e espectáculos circenses, entre outras.


Por outra banda, cómpre ter en conta que, aínda que a oferta do Programa *Móvetexuvenil 2026* está integrada por actividades dirixidas principalmente á infancia e á mocidade, outras franxas de idade da poboación tamén poderán beneficiarse da programación e participar nela, en función das características específicas de cada actividade.

Deste xeito, promóvese o sentido de identificación e pertenza individual e colectiva mediante a xeración de sinerxías coa contorna social. Ao mesmo tempo, facilítase ó acceso á cidadanía a unha programación variada que adoita resultar difícil de atopar, especialmente nos concellos afastados e menos poboados da provincia.

A programación de carácter pechado do Programa *Móvetexuvenil 2026* poderá desenvolverse en calquera espazo interior ou exterior situado dentro da provincia de Lugo, perseguindo un ou varios dos seguintes obxectivos:

- *Proporcionar espazos de encontro e convivencia para a xente nova.*
- *Favorecer a aprendizaxe mediante actividades lúdicas e participativas.*
- *Servir como instrumento para crear vínculos entre a poboación nova dos distintos concellos da provincia, contribuíndo a compensar os efectos da dispersión territorial.*
- *Achegar unha programación variada ao conxunto da veciñanza da provincia.*

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	47/53



- *Contribuír ao desenvolvemento económico e social do territorio, promovendo a participación e integración da cidadanía e, especialmente, da xente nova.*

Para a súa posta en marcha, o programa dispón dun orzamento de 140.000 euros, que se distribúe do seguinte xeito:

<i>Para o financiamento das actividades incluídas no Programa Móvete Xuvenil 2026</i>	<i>126.700 euros</i>
<i>Para o pagamento dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor)</i>	<i>13.300 euros</i>

Así mesmo, na distribución das actuacións a Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade prestará especial atención aos seguintes aspectos:

- *Creación e impulso de sinerxías entre concellos veciños.*
- *Difusión das actividades do programa por toda a xeografía provincial.*
- *Distribución o máis equilibrada posible da programación entre os distintos núcleos de poboación, tendo en conta as necesidades e demandas potenciais da mocidade lucense.*

A Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade, mediante a posta en marcha deste tipo de iniciativas de programación propia de carácter pechado, promove a actividade social como instrumento de integración, participación e benestar da poboación lucense con idades comprendidas entre os 9 e 29 anos, ao tempo que contribúe á dinamización económica da provincia.

Obrigas e compromisos das partes

1.- Consideracións a ter en conta polas persoas físicas ou xurídicas contratadas para desenvolver algunha actividade no Programa Móvete Xuvenil 2026.

- Presentar documentación acreditativa da alta no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), nunha actividade acorde coa prestación a desenvolver.*
- Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades e ata a finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.*
- Realizar as actividades nos lugares, días e horas establecidos pola Deputación de Lugo (Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade).*
- Expedirlle á Deputación a factura ou facturas correspondentes ao 100 % do importe das actividades contratadas, sempre que se acredite a realización satisfactoria das mesmas.*
- Nas actividades empregárase a lingua galega, agás naquelas nas que, pola súa natureza ou procedencia dos participantes, resulte inviable o seu uso, e a publicidade en todas elas farase en lingua galega. En canto á difusión, sexa cal sexa o medio, é obrigatorio que conste claramente, mediante logotipos de identidade*

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	48/53





corporativa, que a actividade forma parte do Programa Móvete Xuvenil 2026, que é organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo e en concreto pola Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade.

f) As persoas físicas ou xurídicas contratadas deberán contar cos seguros necesarios para a realización das actividades. Así mesmo, serán os responsables do cumprimento dos protocolos de seguridade establecidos pola normativa vixente. A Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada do incumprimento destas obrigas ou das incidencias que puidesen producirse durante os ensaios, o desenvolvemento das actuacións ou os desprazamentos relacionados coa actividade.

g) Non poderán participar neste Programa Móvete Xuvenil 2026 os grupos integrados exclusivamente por menores de idade. No caso de que nos grupos participantes existan menores de idade, a custodia e seguridade destes corresponderá á persoa responsable do grupo contratado, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da súa participación no programa.

h) Aboar, se fose o caso, todos os gastos derivados da actuación (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social e calquera outro gasto que puidera derivarse).

i) Declarar que coñecen que esta programación pode, en determinadas ocasións, estar suxeita ao pagamento de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; información que deberá ser comunicada correctamente á unidade xestora do programa.

j) No caso de actuacións ou traballos nos que os destinatarios sexan menores de idade, será obrigatoria a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, de voluntariado.

k) Presentar unha memoria ou currículo da persoa física ou xurídica contratada, así como unha descrición detallada da actividade, se procede.

2.- Consideracións a ter en conta por parte da Deputación de Lugo (Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade).

a) Xustificará que os adxudicatarios dos contratos (cando estes sexan dos menores aos que se refire o artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público) non subscribiron máis contratos menores que, individual ou conxuntamente, alcancen os 15.000 € de valor estimado; sen prexuízo de que se poida recorrer a outros procedementos de contratación.

b) Aboar o importe íntegro das actividades do Programa Móvete Xuvenil 2026 sempre que se acredite a realización da actividade de forma satisfactoria.

c) Adoptar as medidas necesarias para resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento das actividades do programa.

d) Planificar e distribuír a programación, tanto no espazo como no tempo, das actividades do programa.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	49/53



Polo exposto, informo favorablemente a aprobación do Programa Móvete Xuvenil 2026, dotado con 140.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.22609 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, coa seguinte desagregación:

- a) 126.700 € para o financiamento das actividades incluídas no Programa Móvete Xuvenil 2026.*
- b) 13.300 € para o pagamento dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor)."*

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 140.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.22609 do vixente Orzamento Xeral, emitida pola Sección I de Orzamentos do Servizo de Contabilidade e Contas.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar Programa Móvete Xuvenil 2026, dotado con 140.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.22609 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, coa seguinte desagregación:

- a) 126.700 € para o financiamento das actividades incluídas no Programa Móvete Xuvenil 2026.
- b) 13.300 € para o pagamento dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor).


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Antonio Mondelo Rodríguez, Funcionario de Carreira da Deputación Provincial de Lugo, que desempeña o posto de traballo de Xefe/a Servizo II Expropiacións e Control de Proxectos, solicitou a prolongación no servizo activo en data 20 de marzo de 2023, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno de data 21/04/2023, prorrogada posteriormente, á vista das necesidade do servizo e á petición do interesado, por Acordos da Xunta de Goberno de 21/07/2024 e 09/05/2025.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	50/53





Tendo en conta as consideracións de dereito que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, do teor seguinte:

“ O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario pode ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.*
- b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.*

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

[...]”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

<i>Ano</i>	<i>Períodos cotizados</i>	<i>Idade esixida</i>
<i>2026</i>	<i>38 anos e 3 meses ou máis</i>	<i>65 anos.</i>
	<i>Menos de 38 anos e 3 meses</i>	<i>66 anos e 10 meses</i>

[...]”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo presente que D. José Antonio Mondelo Rodríguez, cumprindo a idade regulamentaria, e tendo acreditado un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses non tendo solicitada a prolongación no servizo activo dentro do prazo expresamente sinalado regulamentariamente, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	51/53



Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, D. José Antonio Mondelo Rodríguez, con efectividade do día 19 de xullo de 2026, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 139/2026.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor

“Visto o oficio remitido polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado 00000139/2026 seguido a instancia de D. M***** C***** P*** fronte á Resolución da Presidencia de data 10 de abril de 2026 ditada no procedemento XREC-0484/2025 pola que *“se estima parcialmente la reclamación de esta parte limitando sus efectos a “anular recargas e xuros” de IBI 2013 a 2018 y se acuerda compensar el “ingreso indebido” así reconocido con una deuda pendiente por IBI 2022/2023”*.

Vista a Dilixencia de Ordenación de data 17 de xuño de 2026 do citado Tribunal que acorda formar a peza separada de medidas cautelares 0000139/2026 0001 para resolver a medida cautelar solicitada pola parte recurrente de suspensión da executividade dos actos recadatorios e de apremio e da traslado á Deputación por dez días para expoñer o que estime procedente sobre a dita solicitude.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no devandito procedemento e na Peza de Medidas Cautelares a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

2º.- A remisión do expediente administrativo ao Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Tribunal.


3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

No se presentan.

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	52/53





13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

	IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Fecha y Hora	29/06/2026 12:45:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76QOL5BVFTZLE2AV6MAYASM4	Página	53/53

